



FÁLAME DA EMIGRACIÓN. O VALOR DA EXPERIENCIA
Guía dos encontros interxeracionais

//Afundación

Obra Social ABANCA

DESENVOLVEMENTO E PARTICIPANTES

- As directoras e o director dos centros de maiores seleccionan as persoas voluntarias e imparten a formación do proxecto.
- Reunións cos centros educativos para pechar calendario de actuacións. Formalízase a colaboración.
- A dirección do centro e o profesorado elixen a materia no marco da cal se desenvolverá o proxecto, o curso e o número de aulas que participarán. Introdúcen o tema na aula e explican o proxecto.
- Reunión previa de coordinación no centro educativo.
- Realízanse dous encontros interxeracionais.



| Participantes | Papel no proxecto |
|--|---|
| Afundación | <ul style="list-style-type: none"> • Achega o marco da acción interxeracional. • Facilita a participación das persoas maiores socias dos centros de maiores. • Achega a exposición «Nós tamén fomos emigrantes» e os materiais didácticos. • Facilita as dinámicas favorecendo a participación das persoas maiores e do alumnado. • Motiva a maiores e do alumnado. |
| Persoas maiores vinculadas coa emigración | <ul style="list-style-type: none"> • Fan de mentores educativos sobre a emigración e achegan a súa experiencia vital. • Axudan o alumnado a comprender os fenómenos migratorios contemporáneos. |
| Alumnado | <ul style="list-style-type: none"> • Debate, investiga e recolle documentación. Achega o seu punto de vista acerca dos fenómenos migratorios. • Expón os seus vínculos persoais cos fenómenos migratorios. O alumnado inmigrante achega a súa experiencia e as súas relacións co país de orixe e co de acollida. |
| Profesorado | <ul style="list-style-type: none"> • Achega a visión académica e a relación das materias co currículo, ofrecendo as explicacións necesarias antes, durante e despois dos encontros interxeracionais. • Avalía o impacto da acción interxeracional sobre o alumnado. |

1º ENCONTRO INTERXERACIONAL - «MEMORIA DA EMIGRACIÓN», 2 h LECTIVAS


O encontro e o intercambio serán a parte fundamental da sesión, que se desenvolverá a modo de mesa redonda con moderador/a e con preguntas para facilitar as intervencións das persoas maiores:

- **Presentación do proxecto, obxectivos e papel** dos diferentes participantes.
- **Proxección breve de fragmentos do documental** *Nós tamén fomos emigrantes* para introducir o tema (ou proxección previa na aula por parte do profesorado).
- **Presentación dos maiores** participantes e das súas historias de vida, con formato de mesa redonda. Pódense desenvolver as seguintes liñas argumentais:
 - Motivacións para emigrar
 - Circunstancias sociais e familiares
 - A experiencia emocional, os vínculos familiares, as comunicacións da época...
 - A integración no país de acollida: como os trataron...
 - A identidade cultural na emigración
- **Diálogo e debate**, incorporando a participación do alumnado, que pregunta e entrevista os maiores sobre a súa experiencia.
- **Preguntas e entrevistas:** o alumnado entrevista os maiores sobre a súa experiencia.
- **Conclusións e valoración** do encontro.

Actividades complementarias

Se o desenvolvemento da sesión o permite e se considera oportuno, pódese realizar algunha das seguintes actividades complementarias:

- Preséntanse os **datos de poboación inmigrante** en España por lugar de orixe comparados con outros países da UE, e datos de persoas españolas no estranxeiro.
- **Debate sobre o impacto na sociedade que os recibe e sobre as persoas que chegan.** Comparar a experiencia da emigración galega do século XX cos fenómenos migratorios contemporáneos.
- **Proposta de traballo** ao alumnado *Historias de vida na emigración: investigación sobre os vínculos familiares coa emigración.*



2º ENCONTRO INTERXERACIONAL - «MIGRACIÓNS CONTEMPORÁNEAS», 2 h LECTIVAS

Despois do primeiro encontro de achegamento e coñecemento mutuo, nesta sesión facemos unha proposta de traballo conxunto entre alumnado e persoas maiores na que o alumnado tamén terá un papel relevante narrando as súas experiencias.

O alumnado expón os seus vínculos persoais coa emigración.

- Individualmente, presentan ao resto da clase e ás persoas maiores os resultados da investigación realizada sobre os seus vínculos persoais coa emigración. Posta en común e diálogo acerca das historias persoais, obxectos recollidos... Dependendo do número de alumnos/as asignaremos tempos para cada exposición.

Traballo conxunto entre alumnado e persoas maiores por grupos.

- Distribúese a aula en 4 grupos. Cada grupo designa un voceiro/a. Debaten sobre os seguintes temas e toman nota sobre as conclusións acadadas:
 - 1. Motivacións para emigrar:** que motivacións identificaron nos relatos dos maiores e nas historias persoais do alumnado.
 - 2. Principais dificultades** que deben afrontar as persoas que emigran. Beneficios da emigración para as persoas que emigran, aspectos positivos.
 - 3. Comparar a emigración galega coa inmigración a Galicia ou a outras partes do mundo,** especialmente se hai alumnado inmigrante na aula: aspectos comúns e diferenzas.
 - 4. Causas dos fenómenos migratorios: por que Galicia emigrou con tanta intensidade?** Impacto da emigración no país receptor e no país emisor da emigración.
- **Posta en común das conclusións de cada grupo de traballo** (5 minutos aproximadamente por grupo). O/a voceiro/a de cada grupo expón as conclusións de cada equipo de traballo. Reflexión xeral sobre o impacto e a influencia da emigración nas vidas do alumnado e das propias persoas maiores.

Valoración final da actividade interxeracional por parte dos maiores e do alumnado.

Visita á exposición fotográfica «Nós tamén fomos emigrantes». Se a exposición coincide temporalmente co encontro, alumnado e maiores visitan xuntos a exposición e comentan as fotografías por grupos.

Actividade complementaria

Se o desenvolvemento da sesión o permite e se considera oportuno, pódese realizar a seguinte actividade complementaria:

- Mapa dos fluxos migratorios. Pedímoslles aos grupos de traballo que debuxen un mapa co itinerario dos fluxos migratorios na época en que emigraron as persoas maiores participantes, mentres outros debuxan noutro mapa os fluxos migratorios na actualidade.



//Afundación

Obra Social ABANCA

Sede Afundación A Coruña
Cantón Grande, 8
981 180 065



Material baixo licencia de Creative Commons Recoñecemento-NonComercial 4.0 Internacional



A túa opinión conta!

afundacion.org